

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE *ORDE pola que se regula o procedemento de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia (Código de procedemento SA462D).*

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), en relación co proxecto de "orde pola que se regula o procedemento de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia (Código de procedemento SA462D).", emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O **obxecto** deste proxecto de orde é regular os requisitos e o procedemento (SA 462D) para a compensación dos gastos derivados dos traslados de persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia por motivos diagnósticos ou terapéuticos, onde non está prescrito polo persoal facultativo o transporte sanitario por ambulancia.

Terán dereito á compensación destes gastos as persoas usuarias que dispoñan de tarxeta sanitaria en vigor emitida polo Servizo Galego de Saúde, que teñan autorizado o desprazamento a outro centro sanitario con fins asistenciais por criterio médico. Así mesmo, as axudas poderán ser recoñecidas a unha soa persoa acompañante do/a paciente, nos supostos previstos na orde.

No que se refire ao marco **competencial**, O artigo 33.1 e 33.3 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen á comunidade autónoma, respectivamente, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos. Engádese o que establece o artigo 33.4 relativo a que a comunidade autónoma "poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas neste

artigo”.

En relación á materia regulada, cómpre ter en conta o seguinte marco **normativo**:

O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, coa finalidade de garantir a equidade e a accesibilidade a unha adecuada atención sanitaria no SNS, ten por obxecto establecer o contido da carteira de servizos comúns das prestacións sanitarias, sendo unha delas o transporte sanitario, o cal consiste no desprazamento de enfermos por causas exclusivamente clínicas, cuxa situación lles impida desprazarse nos medios ordinarios de transporte. Esta prestación facilitarase de acordo coas normas que regulamentariamente se establezan polas administracións sanitarias competentes.

Ao abeiro das distintas prestacións sanitarias que comprende o Sistema Público de Saúde de Galicia (o transporte sanitario, entre elas), a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia recolle a maiores a previsión de prestacións complementarias no artigo 58, que son prestacións que supoñen un elemento adicional e necesario para a consecución dunha asistencia completa e axeitada.

A normativa vixente na materia é o Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario. O artigo 26.1 recolle as exclusións, sinalando especificamente que non terán a consideración de prestacións sanitarias obrigatorias, entre outras, o “traslado por asistencia continuada, que é o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos”(letra a), expresando a continuación non obstante, que os gastos ocasionados polos traslados descritos, poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde, sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito adecuado e suficiente.

Resulta pertinente mencionar que o Decreto 52/2015, do 5 de marzo, derogou o Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, que era a normativa que viña regulando anteriormente o transporte sanitario, e en desenvolvemento da cal se ditou a Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamentos previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, que tiña como obxecto satisfacer os gastos aos pacientes que teñen cobertura polo Servizo Galego de Saúde que se despracen con fins asistenciais e non precisen usar transporte sanitario.



Por tal motivo, a finalidade desta iniciativa normativa é actualizar os criterios e importes recollidos na citada Orde do 30 de marzo de 2001, incorporando o reembolso dunha serie de conceptos de gasto que non merecen a cualificación de sanitarios, pero que están estreitamente vencellados á prestación sanitaria, como son os gastos por desprazamento, así como, no seu caso, os de hospedaxe e manutención para todos aqueles casos en que as persoas sometidas a determinados tratamentos se vexan na necesidade de trasladarse fóra da súa localidade de residencia, xustificado necesariamente en motivos sanitarios debidamente apreciados polo Servizo Galego de Saúde.

Coma se expuxo, de conformidade co marco xurídico referido, a presenta iniciativa normativa constitúe desenvolvemento do Decreto 52/2015, do 5 de marzo, e polo tanto responde ao rango normativo de orde.

2. Acerto e oportunidade

Respecto á adecuación da iniciativa normativa aos principios de boa regulación, resulta pertinente manifestar que no exercicio da potestade regulamentaria, e en aras da mellora da calidade normativa, esta Administración actuou de conformidade co recollido no artigo 37.a) da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que atinxe aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia; así como tamén os principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nomeadamente os de necesidade, simplicidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, accesibilidade, transparencia, e eficiencia:

a) Así, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, esta iniciativa normativa xustifícase por unha razón de interese xeral, é dicir, a compensación de gastos por desprazamentos de pacientes do Sistema Público de Saúde de Galicia, con actualización de importes, ao que se engade os supostos de traslado dos/as pacientes con enfermidades raras a centros sanitarios localizados noutras comunidades autónomas aos efectos de diagnóstico e confirmación deste, de maneira que os/as pacientes poidan solicitar a compensación polos gastos de desprazamento, pero tamén ampliálo aos supostos de necesidade de manutención e aloxamento.

b) En virtude do principio de proporcionalidade, a orde contén a regulación imprescindible



para atender esta necesidade a cubrir, é dicir, para desenvolver regulamentariamente o Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.

c) A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa regulamentaria se exerceu de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume.

d) En aplicación dos principios de accesibilidade e transparencia, posibilitouse o acceso nos termos establecidos polo artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como polo artigo 9 da Lei de Galicia 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Posibilitouse, así, que os potenciais destinatarios tivesen unha participación activa na elaboración da norma.

e) En aplicación dos principios de simplicidade e de eficiencia, racionalízase o procedemento para acadar a citada compensación de gastos, homoxenizando a súa tramitación administrativa e mellorando a transparencia da mesma, de forma que os/as pacientes e acompañantes poidan coñecer de forma clara os supostos, conceptos e importes que poden ser obxecto de financiamento. A orde introduce así, uns criterios e procedementos homoxéneos para todas as áreas sanitarias, incorporando coma novidade unha solicitude mediante formulario normalizado a presentar preferiblemente por medios electrónicos.

3. Tramitación

No que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións que conteñen os artigos 40 a 44 da Lofaxga.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do anteproxecto regulamentario do 06.03.2023 asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da Lofaxga).

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, en tanto que centro directivo impulsor, remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade (artigo 41.3.a da Lofaxga).
- b) Unha memoria económico-financeira (artigo 41.3.b da Lofaxga).
- c) Unha táboa de vixencias.



Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade elaborou o informe preceptivo con data 15.03.2023, a mesma data en que o texto obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Consellería de Sanidade (artigos 41.3.c e 41.4 da Lofaxga).

O acordo da publicación no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia é de data 15.03.2023. O proxecto enviouse ademais para trámite de audiencia das asociacións de pacientes de carácter sanitario que forman parte do Consello Asesor de Pacientes do Servizo Galego de Saúde. A directora da Área de Modernización das Administracións Públicas na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia emitiu certificado o día 31.03.2023, facendo constar que para este proxecto se recibiron 10 suxestións a través do formulario dispoñible no portal de Transparencia e Goberno Aberto. Todas elas foron tomadas en consideración, agás unha por non ser alegación, senón unha solicitude de compensación de gastos presentada por unha persoa particular.

En definitiva, recibíronse suxestións procedentes de: ASARGA, Asociación Sarcomas de Galicia, Asociación Dano Cerebral de Compostela-Sarela, Martina Barcala Abeledo, COGAMI, Junta Provincial de A Coruña de la Asociación Española Contra el Cáncer, Federación Gallega de Enfermedades Raras e Crónicas-Fegerec, Federación de Asociaciones de Personas con Parálisis Cerebral ASPACE – Galicia, Federación Down Galicia, AEPEF Asociación Española de Paraparesia Espástica Familiar, Strümpell Lorrain. En resposta a estas suxestións, a unidade proponente elaborou informe con data 04.05.2023.

O proxecto figura aínda a día de hoxe publicitado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia (apartado de normativa “pendente de aprobación”), en cumprimento do disposto no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Da tramitación do proxecto e ao abeiro do que exige o artigo 42 da Lofaxga, así como a pertinente normativa sectorial de aplicación, emitíronse os seguintes informes:

- a) O informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade, do 19.06.2023.
- b) O informe da Dirección Xeral de Avaliación e Simplificación Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, do 30.05.2023



- c) O informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 31.01.2024
- d) O informe favorable da Asesoría Xurídica da consellería de Sanidade, do 30.01.2024.

4. Integridade do texto

O texto do proxecto de orde conta coa seguinte estrutura e contido:

Parte expositiva

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

artigo 2. Requisitos para ter dereito á compensación e supostos

Artigo 3. Exclusiones

Artigo 4. Contía da compensación

Artigo 5. Forma e lugar para a presentación das solicitudes

Artigo 6. Documentación complementaria

Artigo 7. Comprobación de datos

Artigo 8. Procedemento de concesión e resolución das axudas

Artigo 9. Notificacións

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentacións de solicitudes

Artigo 10. Avaliación das solicitudes

Artigo 11. Aboamento

Disposición adicional única. Actualización de modelos normalizados

Disposición transitoria única. Réxime transitorio

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento desta orde

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Anexo: Formulario normalizado para a solicitude de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia (Código de procedemento SA462D).

5. Legalidade

Nas memorias e informes que se uniron ao expediente queda xustificada a adecuación desta iniciativa regulamentaria aos principios de necesidade, proporcionalidade, simplicidade e



eficacia que recolle o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; así mesmo, os principios de seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade mencionados no devandito precepto respectáronse en todo momento durante a tramitación do proxecto, que se axustou ao que preceptúan os artigos 40 e seguintes da Lofaxga.

Este proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade, e dado que é unha orde, a aprobación definitiva comporta a aprobación da propia orde e con isto a finalización do proxecto, segundo o artigo 43.3 e 4 da Lofaxga.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo
M^a Jesús Rúa Moure

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lofaxga)

A secretaria xeral técnica
Natalia Lobato Mosquera

